

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José  
Caparrini Marín, Natalia  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Quintero Martínez, Félix  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier  
Rubio Armesto, Belén  
Sánchez Moreiras, Adela María  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fariña Rodríguez, José  
Formella, Arno  
Lorenzo González, María de las Nieves  
Mociño González, María Isabel  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Rodríguez Domínguez, María del Mar  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Arévalo Tomé, Raquel  
López Ardao, Jose Carlos  
López Mira, Álvaro Xosé  
Paz Penín, María Concepción  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rúas Araújo, José

### PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

### ESTUDANTES

González González, Jaime  
Rodríguez Pousa, Estela

### PAS

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel  
García Eirín, José Manuel

Pazos Currás, Marta María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga  
Montero Reguera, José Francisco  
Torres Romay, Emma

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de outubro de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 28 de outubro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 0019111LL00 625 ás aplicacións 2025 0019 111LL00220 e 2025 0019 111LL00230 por importe de 10.000€.
2. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 OUR1 421S 221.01 á aplicación 2025 OUR1 311V 213 por importe de 40.000€.
3. Aprobación, se procede, da “Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias”.

1. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 0019111LL00 625 ás aplicacións 2025 0019 111LL00220 e 2025 0019 111LL00230 por importe de 10.000€.

O reitor cede a palabra á xerente, quen explica a necesidade de facer a transferencia de crédito entre as aplicacións orzamentarias citadas, de acordo coa documentación facilitada aos membros de Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

2. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 OUR1 421S 221.01 á aplicación 2025 OUR1 311V 213 por importe de 40.000€.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa da transferencia que se debe facer entre aplicacións orzamentarias, seguindo a documentación prevista para os membros de Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**3. Aprobación, se procede, da “Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias”.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen fai a seguinte presentación:

Aprobado polo Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016

REGULAMENTO DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POR REALIZAR ACTIVIDADES  
UNIVERSITARIAS CULTURAIS, DEPORTIVAS, DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL,  
SOLIDARIAS  
E DE COOPERACIÓN

Aprobado polo Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016

O Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, no seu artigo 12.8, establece que o estudantado poderá obter recoñecemento académico en créditos pola **participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación**. Para estes efectos, o plan de estudos deberá recoller a posibilidade de que cada estudante obteña un recoñecemento de **polo menos seis créditos**, sobre o total do devandito plan de estudos, pola participación nas mencionadas actividades.

Universidade de Vigo



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, no seu artigo 10.9.c, regula os procedementos de recoñecemento e de transferencia de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais. En particular, para os títulos de grao establécese que serán obxecto de recoñecemento os créditos vinculados á participación do estudantado en actividades universitarias **de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil**, que no seu conxunto equivalerán, como mínimo, **a seis créditos**. **Así mesmo, poderán ser obxecto de recoñecemento outras actividades académicas con carácter docente organizadas pola universidade. En ningún caso os créditos recoñecidos poderán superar o 10 % do total de créditos do plan de estudos.**

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, establece, no seu artigo 33.k, o dereito do estudantado «ao recoñecemento académico e a favorecer a compatibilidade da súa participación en actividades universitarias de **mentoría, aprendizaxe-servizo, ciencia cidadá, culturais, deportivas, de representación estudantil, asociacionismo universitario, solidarias, de cooperación e de creación de novas iniciativas sociais e empresariais**».

Universidade de Vigo



## TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Órgano competente

Artigo 4. **Número de créditos que recoñecer**

Artigo 5. **Horas de formación por crédito**

Artigo 6. Efectos académicos do recoñecemento

## TÍTULO II. ACTIVIDADES OBXECTO DE RECOÑECIMIENTO

Artigo 7. Actividades culturais

Artigo 8. Actividades deportivas

**Artigo 9. Representación estudiantil**

**Artigo 10. Acreditación de idiomas**

Artigo 11. Actividades solidarias e de cooperación

**Artigo 12. Asociacionismo**

**Artigo 13. Mentoría**

**Artigo 14. Actividades académicas con carácter docente**

### TÍTULO III. PROCEDEMENTOS

Artigo 15. Solicitude e aprobación das actividades susceptibles de recoñecemento

Artigo 16. Solicitude de recoñecemento das actividades realizadas polo estudiantado

Artigo 17. Procedementos específicos de recoñecemento por programas ou conxunto de actividades

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ENTRADA EN VIGOR

### PROCEDEMENTO:

- Redacción: Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade
- Aprobación: Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes
- Revisión: Servizo de Xestión de Extensión Universitaria
- Informe favorable: Asesoría Xurídica
- Revisión: ANL
- Exposición pública:
  - 1 alegación (1 PDI)
  - 1 alegación (1 estudante)
  - 1 alegación (4 estudantes)

ALEGACIÓNS:

Artigo 9. Representación estudantil:

9.3. Recoñeceranse 2 ECTS por curso académico pola pertenza ao Consello Social, Valedoría Universitaria, Consello de Goberno, Xunta de Centro, Xunta de Titulación ou Consello de Departamento.

Proposta:

9.3. Recoñeceranse 2 ECTS por curso académico pola pertenza ao Consello Social, Valedoría Universitaria, Consello de Goberno, Xunta de Centro, Xunta de Titulación, Consello de Departamento ou Consello de Campus.

ACEPTAR

ALEGACIÓNS:

Artigo 9. Representación estudantil:

9. 2. Recoñeceranse 2 ECTS por curso académico polo exercicio do cargo de delegado/a ou subdelegado/a de curso, titulación, facultade ou escola.

Proposta:

9.2 Recoñeceranse 2 ECTS por curso académico polo exercicio do cargo de delegado/a ou subdelegado/a de curso, titulación, facultade ou escola, ou pola pertenza á directiva da delegación.

ACEPTAR

ALEGACIÓNS:

Artigo 9. Representación estudantil:

9.8 Estes recoñecementos requirirán unha asistencia mínima ao 75 % das sesións convocadas durante o período correspondente.

Proposta:

9.8 Estes recoñecementos requirirán unha asistencia mínima ao 50 % das sesións convocadas durante o período correspondente

REXEITAR:

O recoñecemento de créditos baséase na dedicación real e efectiva do estudantado nas distintas actividades. A esixencia dunha asistencia mínima do 75 % garante unha participación continuada e proporcional ao mérito recoñecido, mantendo a coherencia co resto de actividades susceptibles de recoñecemento.

Esta última alegación non se aceptou, ten relación co traballo real feito.

Jaime González, fai a seguinte precisión: “Acerca desta normativa, unha cuestión de precisión. Posto que esta normativa xa está redactada atendendo á LOSU, sería pertinente cambiar o nome de Xuntas de Centro por Consellos de Centro no artigo 9, posto que é o nome empregado na LOSU, a pesar de que aínda non estea actualizada esta nomenclatura nos nosos estatutos, non?”. O reitor comenta que vaise ter en conta, aínda que non se presentara en tempo e forma.

Álvaro Xosé López Mira fixera unha alegación sobre os consellos de campus, a vicerreitora comenta que pensou que non se referira a nada máis. Hai comisións que se reúnen máis que outras. A vicerreitora di que comezar a distinguir entre comisións é difícil, polo que optaron por unha media.

O reitor comenta que para o futuro farase unha nova proposta, sobre o traballo efectivo.

Álvaro Xosé López Mira comenta que o Claustro reúnese dúas veces ao ano, polo que terían que ir aos dous para contabilizalo. O reitor comenta que ás veces hai tres reunións, incluso con Estatutos máis.

Jacobo Porteiro cre que as Xuntas de Titulacións depende de se queren modificar un título ou non, porque a actividade é moi difícil de valorala. A cuantificación non parece tarefa sinxela.

O reitor comenta que imos traballar sobre este punto.

Apróbase por asentimento.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:17 h. do día 28 de outubro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral